

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000024.

Excm. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércores, día 19 de xuño de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

ACTAS E GOBERNO

1. RECTIFICACIÓN ERRO NO ACORDO 40/607 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE XULLODE 2023, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO (2024/G004/000458).

LICENZAS URBANÍSTICA

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE OLGA E DEMOLICIÓN DE ELEMENTOS ANEXOS DISCONFORMES PARA USO DE LOCAL MUSEÍSTICO-DIDÁCTICO, SITO NA ESTRADA N-V. (Expte: 2024/Y001/000063).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

PERSOAL

3. VALIDACIÓN DO RECOÑECEMENTO DO GRAO PERSOAL, NIVEL 22, A UN POLICÍA LOCAL.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3256922366300268640.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-6-2024

4. VALIDACIÓN DO RECOÑECIMENTO DO GRAO PERSOAL NIVEL 20 A UN POLICÍA LOCAL.

5. PRÓRROGA DA ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCÍONS DE CABO BOMBEIRO, NO PERÍODO DO 2 DE XULLO DE 2024 AO 1 DE AGOSTO DE 2024, PARA UN BOMBEIRO-CONDUTOR.

6. APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DA PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE MEDIANTE LIBRE DESIGNACIÓN.

7. PERMUTA ENTRE UNHA POLICÍA DO CONCELLO DE LUGO E UN POLICÍA DO CONCELLO DA CORUÑA.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

8. AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASETAS E CALDEIROS DO POLBO Nº 1, 3 E 4 DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DOS ANOS 2022 E 2023 EXP. REF. 2022-C005-0000017. PRÓRROGA DA AUTORIZACIÓN PARA O ANO 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

ATENCIÓN CIDADÁ

9. CAMBIOS DE TITULARIDADE E RENUNCIAS DE POSTOS DO MERCADO DE FRIGSA 2024.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía

coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,